



NOTA INFORMATIVA

MODIFICACIÓN XUNTA DIRECTIVA

Con da 18 de Xullo de 2020 o club Sociedade Deportiva Vilvestro celebrou unha Xunta Xeral Ordinaria despois dos meses de confinamento e unha vez que as reunións entre varias persoas eran factibles e cando menos seguras. Nela o ata entón Presidente do Club, D. José Antonio Álvarez Quintáns, comunicou ao resto da Xunta Directiva a súa vontade de renunciar de forma irrevogable ao cargo que representaba, así como de causar baixa da Xunta Directiva ao remate da tempada que estaba en curso.

Con data 31 de Xullo de 2020 a Sociedade Deportiva Vilvestro celebrou unha Xunta Xeral Extraordinaria na que o Presidente do Club presentou formalmente a súa renuncia ao cargo así como a baixa da Xunta Directiva. Aceptada a mesma, iniciouse na mesma Xunta Extraordinaria un proceso de electivo para reestruturar e configurar a nova Directiva que xestione as actividades do Club durante os vindeiros dous anos de mandato pendentes. Escoitadas varias propostas acordouse por unanimidade dos presentes que o ata entón Secretario, D. José Manuel Noya Conde, ocupe o posto de Presidente, e o ata entón voceiro D. Francisco Gabriel Quintáns Ríos ocupe o cargo de Secretario.

Desta maneira, a composición resultante da nova Xunta Directiva da Sociedade Deportiva Vilvestro, e que rexerá o Club nos vindeiros dous anos, é a seguinte:

- PRESIDENTE: Noya Conde, José Manuel
- SECRETARIO: Quintáns Ríos, Francisco Gabriel
- TESOUREIRO: López Rey, José Manuel
- VOGAIS: Conde Seoane, Marcos Conde Seoane, José; Otero Vieites Alejandro; Otero Vieites, Javier; Puga Taboada, José Miguel; Viqueira Iglesias, Victor.

A DIRECTIVA